



**COLEXIO OFICIAL DE
ENXEÑEIROS TÉCNICOS AGRÍCOLAS**

A CORUÑA - PONTEVEDRA

Ronda de Outeiro nº 8, 1º C-D
15006 – A CORUÑA
Telf. 981 22 60 27
Fax. 981 22 41 38
e-mail: colegio@coitagalicia.org
www.coitagalicia.org

Rexistro de saída nº: **341**

Data: **27/11/2020**

Estimados compañeiros e compañeiras, teño a honra de convocarvos á reunión da Xunta de Goberno a celebrar no modo, data e hora abaixo indicadas, e coa seguinte orde do día:

- Punto 1º.- Aprobación, si procede, da acta da Asemblea anterior de 17/09/20.
- Punto 2º.- Acordo Prórroga Presupostos colexiais 2019.
- Punto 3º.- Sorteo “Quendas” de actuación profesional xestionadas polo Colexio.
- Punto 4º.- Informe do Sr. Presidente.
- Punto 5º.- Eventuais acordos relativos ao proceso electoral suspendido pola COVID-19.
- Punto 6º.- Rogos e preguntas.

MODO DE CELEBRACIÓN: Telemática por VIDEOCONFERENCIA, mediante invitación por Cisco Webex.

FECHA: Luns, 21 de decembro de 2020.

HORA: 19:00 h, en 1ª Convocatoria e 19:30 h, en segunda.



A Coruña, de 27 de novembro de 2020.

O PRESIDENTE.

*Asinado por 32448841G RAFAEL JOSE MUIÑOS
(R: Q1571003A), Presidente do COETAAC, o día
30/11/2020, cun certificado emitido por AC
Representación*

Asdo.- Rafael J. Muiños Moreno.

NOTA: A documentación a aprobar compartírase na reunión, na área privada da nosa web e excepcionalmente remitírase por correo-e a quen a solicite. Xunto con ela, estará ao voso dispor na nosa web, e se remitirá, pola “lista de avisos” un protocolo, e instrucións, sobre o desenvolvemento da reunión telemática.

NOTA IMPORTANTE ao dorso con INDICACIÓNS DO PROCEDIMENTO PARA CELEBRAR A ASEMBLEA.

DELEGACIÓN

PONTEVEDRA: Sopotáis da Ferrería nº 4, 2º D * Tfnº e fax: 986 846117 * 36002 Pontevedra.



Como xa previamos ante a celebración da anterior Asemblea, no mes de setembro, seguimos nunhas condicións sanitarias que impiden o desenvolvemento normal de parte da nosa actividade..., aquela que implica desprazamentos e reunións de persoas en grupos, e a previsión dos actos a celebrar, o seu como e cando... Menos mal que as novas tecnoloxías xa nos permiten facer moitas cousas de xeito telemático.

Así pois, consonte ao acordado naquela Asemblea, vémonos na necesidade de celebrar novamente unha Asemblea por medios telemáticos, na confianza de que poda ser a derradeira que celebremos deste xeito, polo menos por necesidade; e que en 2021, a non tardar moito, podamos celebrar o proceso electoral que “nos debemos”, pero que acordamos non celebrar por seguridade, saúde, e porque un proceso electoral, sen votación presencial en urna semella pouco rigoroso.

Espero que coa experiencia de setembro, esta Asemblea nos saia un pouquiño mellor que aquela.

Así pois, a Asemblea vaise celebrar por **“videoconferencia”** na data e horario indicados á volta.

Vaise facer a través da “plataforma” **“Cisco Webex”**, que é a que usamos no Consello Xeral, e algunha vez ao longo destes meses na Xunta de Goberno. E funciona por **INVITACIÓN**.

Atendendo ao noso historial de participación Asemblearia, temos contratado un “aforo” de 100 persoas, pero a diferenza da celebración presencial non ides poder “asistir” só porque ese día vos levantastes con ganas de xuntanza... e por desgracia, creo que o aforo debería ser suficiente, pero chegado o caso se podería ampliar.

ASÍ POIS, OS QUE DESEXEDS ASISTIR, TEREDES QUE RECIBIR CON ANTERIORIDADE Á CELEBRACIÓN DA REUNIÓN UNHA INVITACIÓN, QUE VOS CHEGARÁ POR CORREO-E DENDE A CONTA DE CORREO-E DO PRESIDENTE (presidente@coitagalicia.org).

Para recibir a invitación, deberedes comunicar ao Colexio, polo medio que estimes oportuno (teléfono, correo-e, ...), **ata o xoves 17 de decembro**, o enderezo de correo-e onde queredes recibir a invitación que, **IMPORTANTE, deberá estar asociado ao dispositivo (sobremesa, portátil, tablet ou smartphone) dende o que queirades seguir a reunión.**

No correo-e que recibiredes como invitación, con anterioridade á data de celebración, inclúese **unha “ligazón” facilmente visible “UNIRSE A LA REUNIÓN”, na que premer chegada a hora, e un contrasinal, que en condicións normais non deba precisarse.**

En calquera caso, como se indica na convocatoria, teredes ao voso dispor, tamén, unhas instrucións complementarias mais detalladas.

Saúde, sorte e traballo...





PROTOCOLO INFORMATIVO

CELEBRACIÓN POR VIDEOCONFERENCIA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DO 2º SEMESTRE DE 2020, DO COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS AGRÍCOLAS E PERITOS AGRÍCOLAS DE A CORUÑA E PONTEVEDRA (COETAAC)

Se redacta, e achega, o presente protocolo en relación á convocatoria enviada o pasado 27 de novembro para celebrar de forma telemática a Asemblea Xeral Ordinaria do 2º semestre de 2020, que terá lugar o luns, 21/12/2020, ás 19:30 horas en segunda convocatoria.

As indicacións para que a Xunta de Goberno e os demais asistentes á Asemblea se conecten á aplicación informática de videoconferencia que se utilizará (Cisco Webex), e participen na reunión exercendo os seus dereitos de voz e voto, son as seguintes:

1. Empregarase a aplicación de videoconferencia CISCO WEBEX, e para ao acceso á mesma, remitirase, con carácter previo, ao enderezo de correo electrónico sinalado (ata o 17 de decembro) por cada participante unha ligazón para efectuar a conexión telemática. O acceso á reunión funciona directamente pulsando a ligazón e seguindo os pasos que se indican, aínda que tamén é posible a descarga integral do programa (recomendada, pero non imprescindible, para un mellor funcionamento).

É posible utilizala en calquera navegador de internet, salvo Internet Explorer. Recómendanse Google Chrome ou Mozilla Firefox.

Para o acceso, e manexo das súas funcións principais (audio, vídeo, compartir contidos, chat para a petición de palabra, etc.) se incorporan anexas ao presente unhas instrucións básicas con capturas de pantalla.

É conveniente que antes do inicio formal da reunión cada asistente comprobe o correcto funcionamento de micrófono, altofalante/s e/ou cámara. Tamén é posible, xusto antes do acceso á reunión, unha vez iniciado o proceso, identificarse.

2. O Secretario do Colexio pasará lista dos asistentes ao inicio da reunión, para comprobar que están conectados, e asisten á reunión telemática, podendo solicitar a acreditación da identidade mediante exhibición do DNI ou carné colexial.

Tal e como se desenvolven historicamente as nosas reunións, non se considera necesario, a priori, designar moderador, pero podería facerse chegado o caso.

3. A palabra pedirase, exclusivamente, ao través da utilidade de chat da aplicación CISCO WEBEX, así como a posibilidade de expor algún documento (*vid. Infra*).

Ao comezo da Asemblea, cada asistente activará na súa xanela de participante a opción de "Silenciar". Cando lle sexa outorgada a palabra, abrirá o seu micrófono desactivando dita opción (*ver instrucións anexas*).

Non é obrigatorio, aínda que si recomendable para un mellor funcionamento da conexión múltiple por videoconferencia, que se apague a cámara mentres non se estea no uso da palabra. Só deberían permanecer acesas, e emitindo imaxe, con carácter permanente as cámaras do Presidente, o Secretario do Colexio, o moderador da reunión (se fora designado para iso) e o colexiado/a que estea no uso da palabra (*ver instrucións anexas*).

4. Nas votacións, o Secretario do Colexio irá dando paso a cada colexiado, abrindo aqueles a súa cámara e micrófono (*ver instrucións anexas*) para a emisión del voto (afirmativo, negativo ou en branco), ou expresión de abstención, que constará nominadamente en acta, de conformidade co previsto nos Estatutos Colexias.
5. Unha recompilación da documentación preceptiva para a Asemblea (neste caso só a acta da reunión de 17 de setembro) se atopará ao dispor dos interesados na parte privada da nosa páxina web. Tamén poderá ser compartida na reunión, si así se considera.



DELEGACIÓN

PONTEVEDRA: Soportáis da ferrería nº4, 2º I * Tfno. E fax: 986 846117 * 36002 Pontevedra.



**COLEXIO OFICIAL DE
ENXEÑEIROS TÉCNICOS AGRÍCOLAS**

A CORUÑA - PONTEVEDRA

Ronda de Outeiro nº 8, 1º C-D
15006 – A CORUÑA
Telf. 981 22 60 27
Fax. 981 22 41 38
e-mail: colegio@coitagalicia.org
www.coitagalicia.org

Durante a reunión, o Presidente poderá mostrar documentación relativa ao asunto da orde do día tratado, mediante a opción “Compartir contenido”. Esta opción tamén poderá ser utilizada polo resto de asistentes, aínda que para iso deberán solicitalo previamente a mediante o chat da aplicación.

6. A hora prevista de finalización da reunión é ás 21:30 h, salvo que se finalice antes.
7. En caso de resultar necesario, empregaranse o resto de utilidades de que dispón a aplicación CISCO WEBEX, para un mellor desenvolvemento da Asemblea.
8. A reunión será gravada integramente, quedando o arquivo resultante baixo custodia do Secretario do Colexio na forma prevista na lexislación supletoria sobre réxime xurídico do sector público. Si alguén non está conforme con ser gravado/a, deberá comunicalo xunto co enderezo de correo-e ao que dirixir a invitación, permanecerá coa cámara apagada e o seu micrófono silenciado, e en caso de querer intervir, advertirá deste feito para poder suspender a gravación durante a súa intervención.



COETAAC.

Asinado por 32448841G RAFAEL JOSE MUIÑOS (R: Q1571003A), Presidente do COETAAC, o día 30/11/2020, cun certificado emitido por AC Representación

DELEGACIÓN


PONTEVEDRA: Soportáis da ferrería nº4, 2º I * Tfno. E fax: 986 846117 * 36002 Pontevedra.



- **Acender/apagar cámara:** (no caso de mala conexión recoméndase apagar a cámara). Ao lado está o botón para acender/apagar o micro, o que tamén pode ser conveniente para garantir a calidade do son, e da conexión en xeral.



- **Compartir contido:** (por si se quere mostrar algo ao resto de participantes)






INSTRUCCIÓN ASEMBLEA TELEMÁTICA (CISCO WEBEX)

- **Unirse á reunión, na data e hora indicadas, facendo click** na ligazón ("UNIRSE A LA REUNIÓN") que se remitirá, ao correo electrónico que nos indicaredes (a mais tardar o 17/12/2020).
- Unha vez conectado, na pestana de arriba **Audio e vídeo** comprobar **Altofalante/s, micrófono e cámara:**



- **Abrir/pechar micrófono:**




DELEGACIÓN


PONTEVEDRA: Soportais da ferrería nº4, 2º I * Tfno. E fax: 986 846117 * 36002 Pontevedra.



- Deixar de compartir contido:



- Abrir chat (para pedir queda de palabra)



Asinado por 32448841G RAFAEL JOSE MUIÑOS (R: Q1571003A), Presidente do COETAAC, o día 30/11/2020, cun certificado emitido por AC Representación

